

Acordo entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de negociación dos empregados públicos, sobre o exercicio da actividade sindical no ámbito da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

A Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público establece no seu artigo 36, Mesas xerais de negociación no punto 2 que "Serán materias de obxecto de negociación nesta Mesa as relacionadas no artigo 37 deste Estatuto...". Este mesmo artigo 36 no seu punto 3 establece que "Para a negociación de todas as materias e condicións de traballo común ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración pública, constituirase na Administración Xeral do Estado, en cada una das Comunidades Autónomas, Cidades de Ceuta e Melilla e Entidades Locais una Mesa xeral de negociación.

O artigo 37, Materias obxecto de negociación, recolle no seu apartado h "As propostas sobre dereitos sindicais e de participación", como unha das materias a negociar na Mesa xeral de negociación.

Dentro deste marco normativo, a Excm. Deputación Provincial da Coruña e as organizacións sindicais con presenza na Mesa xeral de negociación, adopta este acordo sobre os seguintes aspectos:

1.- Locais sindicais.

A Deputación Provincial da Coruña dotará as organizacións sindicais con representación dun local sindical equipado cos medios necesarios para o funcionamento ordinario das mesmas no Edificio da Milagrosa.

Cada un destes locais estará dotado como mínimo do seguinte equipamento

- Mobiliario de oficina para arquivo
- Mesa de reunión
- Mesa de oficina
- Posto informático
- Impresora
- Telefonía con nº independente propio tanto para teléfono como para fax
- Acceso a internet e á intranet de empresa

Para uso común de todas as organizacións

- Fotocopiadora-impresora, conectada en rede a cada un dos postos informáticos

2.- Crédito sindical.

Aos/as representantes e delegados/as corresponderalles o crédito horario establecido na lexislación aplicable aos efectos.

A Deputación concederá una hora para o desprazamento dos/das representantes e delegados/as para acudir ás xuntanzas tanto da xunta de persoal como do comité de empresa.

3.- Liberados/as por acumulación de horas.

Establécese en 120 horas o tempo necesario de acumulación para que un/unha representante quede na situación de liberación.

A estes efectos establécense dúas situacións distintas na liberación en virtude do tempo mínimo das mesmas.

- Liberado por tempo dun ano. Neste caso a Deputación aporta o 50% do tempo necesario (60 horas) e a organización sindical o outro 50% (60 horas)
- Liberado por tempo de 6 meses. - A organización sindical aporta o tempo total de liberación.

As organizacións sindicais terán a obriga de comunicar a liberación cun prazo previo dun mes ao inicio da mesma, para que por parte da Deputación poida procederse á substitución por interinaxe do posto ocupado polo/pola liberado/a.

Tanto nun caso como no outro a continuidade da situación de liberación prorrogárase de xeito automático, agás que por parte das organizacións sindicais se comunique o remate da mesma no prazo previo dun mes antes da data de finalización do período de liberación.

Pola súa parte a Deputación comprométese á cubrir os postos mediante interinaxe para que non se vexan afectados os servizos no seu funcionamento na prestación do servizo público.

No caso de cambio do/a representante liberado/a, se tanto un como o outro pertencen ao mesmo grupo ou categoría profesional, poderá o interino continuar na súa situación contractual no novo posto.

As organizacións sindicais que acorden acollerse ao uso da figura da liberación xestionarán o seu crédito horario en forma de bolsa de horas, garantindo en todo momento a existencia de crédito para que os/as representantes poidan acudir aos órganos de representación e ámbitos de negociación dos que forman parte.

Garantías económicas

No caso dos liberados, delegados e representantes sindicais, por parte de Deputación da Coruña garántese o aboamento dos mesmos dereitos económicos que teñan os traballadores das unidades administrativas ás que están adscritos.